

REGULAMENTO

INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DA ESTRADA.



Concello
da Estrada



1.- OBXECTO.

2.- CRITERIOS DE UTILIZACIÓN.

3.- INSTALACIÓNS.

3.1.- INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE XESTIÓN DIRECTA.

3.2.- OUTRAS.

4.- HORARIOS DE UTILIZACIÓN.

4.1.- INSTALACIÓNS DE USO ANUAL.

4.2.- INSTALACIÓNS DE USO EN TEMPORADA.

5.-CARACTERÍSTICAS DE USO.

6.- REQUISITOS OBRIGATORIOS PARA ACCESO ÁS INSTALACIÓNS.

6.1.- DEPORTISTAS.

6.2.- PÚBLICO.

6.3.- MATERIAL DE PROTECCIÓN PARA OS/AS DEPORTISTAS.

7.- NORMAS COMÚNS ACCESO INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

8.- NORMAS ESPECIFICAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

8.1.- APERTURA PREVIA INSTALACIÓN.

8.2.- UTILIZACIÓN USUARIOS.

8.3.- ASEOS

9.- PUBLICIDADE.

10.- SINALÉCTICA.

1.- OBXECTO.

O obxectivo deste protocolo é o de facilitar a organización no proceso de reapertura das instalacións deportivas municipais do Concello da Estrada e da volta a actividade dos clubs locais. Será de obrigado cumprimento por parte dos deportistas que vaian a utilizar ditas instalacións. Estará complementado por aquelas normas ou ordes que se diten e publíquen por parte das autoridades sanitarias e deportivas. Actualizarase continuamente de acordo coas informacións e criterios das autoridades competentes.

Preténdese realizar á práctica deportiva nas instalacións deportivas municipais do noso Concello, adoptando as medidas de prevención necesarias conforme o disposto polas autoridades sanitarias e deportivas. O inicio da actividade deportiva realízase baixo demanda e de forma xustificada, para todos os clubs e deportistas locais, dacordo o protocolo da federación correspondente.

De todos os xeitos, o cumprimento deste protocolo corresponderá aos deportistas cando se atopen adestrando baixo a súa exclusiva responsabilidade.

2.- CRITERIOS DE UTILIZACIÓN.

Poderán utilizar as diferentes instalacións, os deportistas individuais empadroados no noso concello ou de clubs que realicen a súa actividade no Concello da Estrada, segundo a seguinte **orde de preferencia**:

- ✓ Deportistas profesionais.
- ✓ Deportistas federados. Deportes individuais e deportes colectivos.
- ✓ Deportistas habituais non federados: Enviar a solicitude debidamente cuberta pola sede electrónica do Concello da Estrada: <https://aestrada.sedelectronica.gal/info.0>
 - É obrigatorio cursar a solicitude como mínimo 48 horas antes.
 - Non se atenderán solicitudes que non cumpran estes requisitos.
 - No caso de non poder autorizar o horario solicitado, este departamento propoñerá un horario alternativo sempre e cando sexa posible.

Terán prioridade na utilización, aquelas modalidades deportivas que non poidan realizar o seu adestramento no exterior das instalacións deportivas municipais ou se atopen nalgún período competitivo.

Únicamente se atenderán as solicitudes que se formulen en tempo e forma. Cumprimento obrigado de normas de hixiene e seguridade.

Antes do comezo de tempada/curso, no mes de agosto do ano en curso, os clubs deportivos deberán de cursar a solicitude segundo modelo, dos horarios solicitados para levar a cabo a súa actividade, detallando instalación e horarios para cada unha delas.

Os/as deportistas e os clubs deportivos deben de respectar esta normativa, podendo anular este departamento as solicitudes que considere, sempre e cando non se acate este protocolo.

Os/as deportistas usuarios/as, individual ou colectivamente, deberán de pertencer á entidade deportiva solicitante, con licenza federativa en vigor ou no seu caso seguro de accidentes. Deben de atoparse libres de sintomatoloxía da enfermidade, sendo responsabilidade exclusiva do seu cumprimento e control, as entidades deportivas que utilicen á instalación.

De presentarse un caso no cal, unha persoa da entidade deportiva con acceso ás instalacións deportivas municipais teña sintomatoloxía coincidente ca do virus causante da Covid-19, deberá de informar de xeito inmediato o departamento de Deportes do Concello da Estrada, ao responsable da entidade deportiva e ao Servizo Galego de Saúde (teléfono: 900 400 116) para iniciar o protocolo previsto para estes casos pola Consellería de Sanidade.

3.- INSTALACIÓNS.

Serán obxecto deste regulamento para a súa utilización:

3.1.- INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE XESTIÓN DIRECTA.

- ✓ Pavillón Polideportivo Manuel Coto Ferreiro (3 pistas)
- ✓ Campos de Fútbol (Novo Municipal, San Martiño-Callobre e Manuel Regueiro e F7)
- ✓ Tatami/sala polivalente
- ✓ Pistas de tenis.
- ✓ Sala de musculación Pavillón Polideportivo Manuel Coto Ferreiro.
- ✓ Rocódromo Pavillón Polideportivo Manuel Coto Ferreiro.
- ✓ Piscina o aire libre.
- ✓ Praia fluvial.
- ✓ Calquera outra que no futuro poida incorporarse por desexo da Corporación Municipal.

3.2.- OUTRAS.

- ✓ Servizos prestados en instalacións conveniadas que poidan ser utilizadas por AEstradaDeporte.

4.- HORARIOS DE UTILIZACIÓN.

4.1.- INSTALACIÓNS DE USO ANUAL.

- ✓ **Pavillón Polideportivo Manuel Coto Ferreiro.**
 - Luns a venres: De 8:30 a 13:30 e de 16 a 23 horas.
 - Sábado: De 9 a 14 e de 16 a 22 horas. Prioridade competicións.
 - Domingo: De 9 a 14 e de 16 a 22 horas. Prioridade competicións.
- ✓ **Campos de Fútbol céspede artificial (Novo Municipal, San Martiño-Callobre e Manuel Regueiro)**
 - Luns a venres: De 16 a 23 horas.
 - Sábado: De 9 a 14 e de 16 a 22 horas. Prioridade competicións.
 - Domingo: De 9 a 14 e de 16 a 22 horas. Prioridade competicións.
- ✓ **Campo de Fútbol7 terra**
 - Luns a venres: De 16 a 23 horas.
 - Sábado: De 9 a 14 e de 16 a 22 horas.
 - Domingo: De 9 a 14 e de 16 a 22 horas.
- ✓ **Tatami/sala polivalente.**
 - Luns a venres: De 16 a 23 horas.
 - Sábado: De 10 a 14 horas.
- ✓ **Pistas de tenis.**
 - Luns a venres: De 9 a 14 e de 16 a 23 horas.
 - Sábado: De 9 a 14 e de 16 a 22 horas. Prioridade competicións.
 - Domingo: De 9 a 14 horas e de 16 a 22 horas. Prioridade competicións.
- ✓ **Sala de musculación Pavillón Polideportivo Manuel Coto Ferreiro.**
 - Luns a venres: De 8:30 a 13:30 e de 16 a 23 horas. Solicitud previa segundo modelo.
 - Sábado: De 9 a 14 e de 16 a 22 horas. Solicitud previa segundo modelo.
 - Domingo: De 9 a 14 horas e de 16 a 22 horas. Solicitud previa segundo modelo.

- ✓ **Rocódromo Pavillón Polideportivo Manuel Coto Ferreiro.**
 - Luns a venres: De 9 a 14 e de 16 a 23 horas. Solicitud previa segundo modelo.
 - Sábado: De 9 a 14 horas e de 16 a 22 horas. Solicitud previa segundo modelo.
 - Domingo: De 9 a 14 horas e de 16 a 22 horas. Solicitud previa segundo modelo.

Durante os meses de xullo e agosto, as instalacións de uso anual non estarán abertas sábados e domingos, excepto autorización expresa ante a solicitude correspondente, con horario de luns a venres de 9 a 14 horas e de 16 a 22 horas.

4.2.- INSTALACIÓNS DE USO EN TEMPORADA.

- ✓ **Piscina o aire libre.** Do 15 de xuño ata 15 de setembro do ano en curso.
 - Luns: Pechado.
 - Martes a venres: De 15 a 21 horas.
 - Sábado e domingo: De 13 a 21 horas.
- ✓ **Praia fluvial.** Do 15 de xuño ata 15 de setembro do ano en curso.
 - Luns a venres: De 15 a 21 horas.
 - Sábado e domingo: De 13 a 21 horas.

5.- CARACTERÍSTICAS DE USO.

- Poderá acceder as instalacións cos deportistas, un adestrador principal e o corpo técnico, unicamente cando sexa necesario, e ca debida acreditación.
- Poderá acceder as instalacións un acompañante a deportistas minusválidos ou menores que requiran a súa presenza.
- Prohibido o acceso de animais a todas as instalacións obxecto deste regulamento, tanto o aire libre coma cubertas, excepto cando se trate de cans guía.
- Prohibido fumar no interior de todas as instalacións deportivas incluídas neste regulamento.
- Prohibida comer pipas e/ou froitos secos de cáscara no interior de todas as instalacións deportivas incluídas neste regulamento.
- Prohibida a celebración de eventos e/ou aniversarios, así como colocación de inchables para eventos privados nos horarios de aluguer. Os clubs deportivos deberán de facer solicitude expresa e AEstradaDeporte dará resposta dependendo da natureza do evento.
- O acceso ó público unicamente está autorizado en partidos de competición oficial, excepto autorización expresa de AEstradaDeporte ou do club usuario, para calquera outro caso.

6.- REQUISITOS OBRIGATORIOS PARA ACCESO ÁS INSTALACIÓNS.

6.1.- DEPORTISTAS.

- Aprobación da solicitude segundo modelo e horario asignado por AEstradaDeporte para a temporada correspondente. Os adestradores e acompañantes autorizados, estarán suxeitos ás mesmas obrigacións que os deportistas.
- Os clubs e deportistas individuais usuarios das instalacións deportivas designarán un responsable técnico encargado de coordinar co departamento de deportes do Concello da Estrada a utilización das instalacións, e que será o responsable da aplicación e do cumprimento deste regulamento, así como do protocolo da Federación autonómica correspondente.

- Dependendo da dispoñibilidade, as instalacións deportivas terán horarios para os centros educativos e aluguer. Os usuarios destes horarios deberán de cumprir este regulamento igual que os/as deportistas.
- Recomendable limpeza e desinfeccións as mans coas solucións hidroalcohólicas o entrar e saír na instalación
- Recomendable que os clubs usuarios leven un rexistro nominal e diario de todos os participantes na sesión de adestramento.

6.2.- PÚBLICO.

- Son causa de impedimento de acceso o recinto deportivo:
- A introducción de bebidas alcohólicas, armas, instrumentos susceptibles de ser utilizados como tales, bengalas, fogos de artificio ou obxectos análogos.
- A introducción e exhibición de pancartas, símbolos, emblemas ou lendas que impliquen incitación á violencia.
- Ter sido sancionado o portador ca prohibición de acceso a calquer recinto deportivo en tanto non se extinguiña a sanción.
- Atoparse baixo os efectos de bebidas alcohólicas, estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes ou substancias análogas.

O RD 203/2010 tamén prohíbe realizar cánticos, expresións, sons ou actitudes que inciten a violencia ou que pretendan vexar a unha persoa ou grupo por razón de raza, conviccións, relixión, sexo, orientación sexual ou idade.

6.3.- MATERIAL DE PROTECCIÓN DISPOÑIBLE PARA OS DEPORTISTAS.

- ✓ Hidroxeles.
- ✓ Papeleiras non manuais.
- ✓ Papel de mans.
- ✓ Luvas.
- ✓ Máscaras.

7.- NORMAS COMÚNS ACCESO INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

Durante a actividade físico-deportiva regular de clubs e deportistas federados/as, así como de todos os cidadáns, os/as usuarios/as das instalacións deportivas municipais deben de cumprir as seguintes normas:

- Tanto a chegada a instalación coma o finalizar o adestramento, o/a técnico/a responsable ou o/a derradeiro/a deportista en saír, avisará en conserxería.
- Para os adestramentos, non está permitido o acceso á instalación deportiva dos pais/nais ou acompañantes dos/das xogadores/as, debendo de esperar polos mesmos no exterior da instalación. A EstradaDeporte poderá dar autorización o club, unicamente para acompañar ós menores de idade ata a zona de adestramento evitando que queden na instalación unha vez que o adestrador ou persoa designada recolle aos/ás xogadores/as.
- Uso dos vestiarios nas instalacións. Os deportistas asistirán coa roupa da súa práctica deportiva, solicitando o uso de vestiarios na conserxería, xa sexa para cambiarse e/ou ducharse.
- Non se permite deixar ningún material persoal ou de adestramento en ningunha das salas ou instalacións habilitadas, de ser así procederase á súa retirada e refugallo.

- Os clubs usuarios e deportistas deberán de utilizar o seu propio material segundo o teñan estipulado no seu protocolo federativo. En ningún adestramento haberá persoal municipal de apoio, calquera material que necesiten deberán achegalo os propios clubs e/ou deportistas, non se deixará material da instalación de uso común.
- Os deportistas non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares, necesarios para o adestramento. Todos estes produtos terán o nome dos deportistas. No caso de que se deixen nas instalacións, procederase á súa retirada e refugallo.
- O uso da sala de musculación, estará regulado e a súa utilización rexerese polos horarios asignados, estando dispoñible unicamente para os clubs e deportistas federados locais.

8.- NORMAS ESPECÍFICAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

8.1.- APERTURA PREVIA INSTALACIÓN.

- ✓ Limpeza e desinfección profunda das instalacións previa á reapertura mediante empresa ou persoal especializado en limpeza e produtos homologados.
- ✓ Expoñer de maneira visible ao público un documento que acredite o traballo realizado antes de apertura.
- ✓ Apertura de portas e/ou xanelas que faciliten a ventilación do espazo.
- ✓ Aproveccionamento de material de sinalización e balizamento así como os EPIs para os traballadores que estableza a normativa.
- ✓ Aproveccionar material de limpeza e hixiene para utilización polos usuarios: rolos de papel, papeleiras, pulverizadores con desinfectante e dosificadores de mans con hidroxel.
- ✓ Formar ao persoal nos novos protocolos de reapertura (distanciamento social, limpeza, vixilancia, axuda, consultas,...) para garantir a súa seguridade e a dos usuarios.
- ✓ Utilizaranse marcas, balizas, cartelería ou sinalización para garantir o óptimo uso da instalación e un mellor control dos accesos.

8.2.- UTILIZACIÓN POR PARTE DOS USUARIOS.

- ✓ Todo o material ou roupa dos usuarios deixarase na entrada do espazo asignado.
- ✓ Uso individual de botellas de auga ou outros líquidos de hidratación.
- ✓ Na sala de musculación, o finalizar o uso da máquina, equipamento ou elementos do ximnasio, deixalos colocados tal e como estaban e na posición correcta.
- ✓ Os locais habilitados coma almacéns unicamente poderán acceder persoas do grupo de adestramento e autorizada polo club. Ao finalizar a sesión recoller todo o material propio do deportista do espazo asignado e gardalo no local correspondente. Non será tarefa do persoal municipal.

8.3.- ASEOS.

- ✓ Os aseos a disposición dos traballadores e usuarios serán os existentes nas instalacións, cos aforamentos adaptados as recomendacións vixentes en cada momento.
- ✓ Limpeza e desinfección profunda dos elementos comúns (pasillos, bancadas, etc...) previa á reapertura mediante empresa ou persoal especializado en limpeza e produtos homologados.
- ✓ Expoñer de maneira visible ao público un documento que acredite o traballo realizado antes de apertura.

- ✓ Aproveisionar material de limpeza e hixiene para utilización polos usuarios: rolos de papel, papeleiras, dosificadores de mans con xabón ou hidroxel.
- ✓ Deberase proceder a súa limpeza e desinfección dos aseos de xeito regular.
- ✓ Non se poderán utilizar para outro fin que o propio, e polo tempo imprescindible.
- ✓ Desbotar os panos ou calquera material desbotable nas papeleiras instaladas.

9.- PUBLICIDADE.

- A publicidade xestionada polos Clubes/Entidades Deportivas, que se coloque nas instalacións deportivas municipais, será de tipo móbil.
- AEstradaDeporte establecerá en cada momento os espazos reservados para calquera tipo de publicidade.
- A publicidade fixa será xestionada directamente por AEstradaDeporte, fixándose as diversas condicións económicas.
- A Publicidade móbil so poderá colocarse polos Clubes/Entidades Deportivas, durante a celebración das súas actividades deportivas regulares e previa autorización de AEstradaDeporte, concedéndose esta cada tempada.
- Os Clubes/Entidades Deportivas serán os responsables da Publicidade móbil que instalen, así como dos danos que estas poidan ocasionar.

10.- SINALÉCTICA.

- Sinalización horizontal e vertical, así como cartelería informativa nas instalacións deportivas municipais xestionadas por AEstradaDeporte.

CONCELLO DA ESTRADA



**PROHIBIDO
FUMAR EN
TODA A
INSTALACIÓN**